



BOP

XOVES, 18 DE XANEIRO DE 2024

N.º 015

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

Anuncio

Pagamento do prezo xusto pola ocupación de bens e dereitos afectados pola execución do proxecto denominado LMT 20 KV SUBESTACIÓN ELÉCTRICA BARREIROS (CONCELLO DE LOURENZÁ)

(006-2016-ATE)

Comunícase a todos os interesados no expediente, no que se sigue o procedemento expropiatorio das instalacións de referencia, que o día **14 de MARZO de 2024** convócaselles ó pagamento dos predios 1, 1A, 2, 4, 5, 6, 15, 17, 18, 19, 24C, 25B, 27B, 27C, 28 e 29 no Concello de Lourenzá segundo a resolución ditada polo Xurado de Expropiación de Galicia. Cómpre advertir ós propietarios das fincas afectadas, que serán notificados individualmente, que os pagos realizaranse nas condicións que establecen os artigos 48 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 e 48, 49 e 50 do seu Regulamento, do 26 de Abril de 1957.

Lugo, 10 de xaneiro de 2024.- O xefe territorial P.A. (artigo 41.3 Decreto 116/2022, do 23 de xuño), O xefe do Servizo de Industria, Juan Carlos Morán del Pozo.

R. 0107

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RRHH E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 15 DE XANEIRO DE 2024 POLA QUE SE APROBA A LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATAS, DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN DÚAS PRAZAS DENOMINADAS ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A AGRÍCOLA, INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2022, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL Á QUE SE REFIRE O ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE.

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por acordo da Xunta de Goberno de data 16.09.2022, apróbanse as bases xerais que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 - IB) - taxa adicional de estabilización de emprego temporal (art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso-oposición, acceso libre.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 16.09.2022, apróbase a convocatoria e bases específicas que rexerán, xunto coas bases xerais, o procedemento selectivo excepcional para o ingreso como persoal funcionario de carreira na Deputación de Lugo en dúas (2) prazas denominadas enxeñeiro/a técnico/a agrícola, cota xeral, incluídas na oferta de emprego público (OPE) do ano 2022 (BOP núm. 120, do 27.05.2022) - apartado IB) - na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, á que se refire el artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, polo sistema de concurso-oposición, acceso libre.

As bases xerais, convocatoria e bases específicas publicanse, para cumprimento do sinalado na base xeral 3, no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 224, do 29.09.2022, e na páxina web da Deputación de Lugo no apartado emprego público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade o 29.09.2022, publicándose extracto da convocatoria e bases no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 212, do 08.11.2022 e no Boletín Oficial do Estado (BOE) núm. 289, do 02.12.2022.

Rematado o prazo de presentación de instancias o día 12.12.2022, e para cumprimento do establecido nos puntos 6, 7 e 9 das bases xerais, propónse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVA**:

1º.- Aprobar a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas que a continuación se relacionan:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
1	CALDEIRO PÉREZ, JAIME	***3906**
2	CEREIJO ESPANTOSO, MARÍA ISABEL	***4577**
3	CORRAL RODRÍGUEZ, DIEGO	***8231**
4	COUTO LAGE, MARÍA JOSÉ	***9978**
5	IGLESIAS SALVADOR, JOSÉ MANUEL	***8448**
6	IRIMIA FERNÁNDEZ, SONIA	***4661**
7	LÓPEZ VIZCAINO, ADRIÁN	***4729**
8	MÉNDEZ CORDEIRO, MARÍA ELENA	***1629**
9	PÉREZ GÓMEZ, MANUEL	***1563**
10	PÉREZ MOURIZ, ANTÍA	***4363**
11	RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, CARLOS ALBERTO	***3814**
12	SANGIAO PUENTE, JOSÉ CARLOS	***3377**
13	VÁZQUEZ GONZÁLEZ, PABLO	***3610**

2º.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTA/E.-

Titular: Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión na Sección de Administración de RRHH do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Emilio Silva Otero, asesor técnico, no Servizo de Recursos Humanos e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

VOGAIS.-

Titular: Don Juan Carlos Prado Díaz, técnico medio ambiente do Concello de Monforte.

Suplente: Dona Andrea Macho Benito, técnica xestión medio ambiental no Servizo de Medio ambiente da Deputación provincial de Lugo.

Titular: Don Juan José Fernández Granda, enxeñeiro técnico agrícola no Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Luis Jesús Fernández Reija, xefe da Sección de Medioambiente da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Marta Herbón Meilán, enxeñeira técnica de obras públicas no Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Darío Ferreiro Otero, enxeñeiro de camiños, canles e portos, adxunto ao xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

SECRETARIA.-

Titular: Dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Montserrat Conde López, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

3º.- Citar ás persoas que forman parte do Tribunal, para que comparezan o mércores día 31 de xaneiro de 2024, ás 9 horas e 30 minutos, no Salón Verde da Deputación de Lugo, para a súa constitución.

4º.- Citar as persoas membros do Tribunal e máis aos aspirantes, para que comparezan o mércores día 28 de febreiro de 2024, ás 9 horas, no Salón de Plenos da Deputación Provincial de Lugo, para a realización do primeiro exercicio da oposición.

5º.- Ordenar a publicación da presente resolución no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade, cunha antelación mínima de 15 días da data fixada para realizar o primeiro exercicio da fase de oposición.

Contra a resolución que aprobe a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días, contados a partir do seguinte o da publicación no BOP, para presentar alegacións.

De non presentarse alegacións á listaxe provisional considerarase esta definitiva, sen necesidade de nova publicación.

De existir alegacións á listaxe provisional, estas serán estimadas ou desestimadas pola presidencia da entidade, a través dunha nova resolución coa listaxe completa de persoas admitidas e no seu caso excluídas, que deberá publicarse nos mesmos lugares que a listaxe provisional.

Contra a listaxe definitiva poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da presidencia da entidade no prazo dun mes dende o día seguinte o da publicación da listaxe definitiva no BOP (no suposto de haber alegacións), ou dende o día seguinte ao transcurso dos 5 días da publicación no BOP da listaxe provisional, ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte das datas antes mencionadas, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas".

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 16 de xaneiro de 2024.- O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0123

Anuncio**PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 15 DE XANEIRO DE 2024 POLA QUE SE PROCEDE A CORRIXIR O ERRO MATERIAL DETECTADO NO CONTIDO DA OEP PARA O ANO 2023 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por resolución da presidencia de data 28.12.2023 apróbase a Oferta de Emprego Público da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023. Esta resolución foi publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 298, do 30.12.2023 e na páxina web corporativa e taboleiro de anuncios da entidade o día 02.01.2024.

Detectado erro material no apartado 2º.- Contido da OEP 2023 da Deputación Provincial, e considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que establece que: "as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito o aritméticos, existentes nos seus actos" propónse á presidencia que, á vista do sinalado **RESOLVA:**

1º.- Corrixir o decreto de data 28.12.2023 polo que se aproba a Oferta de Emprego Público da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, do seguinte xeito:

ONDE DI:

(...)

PRIMEIRO.- OE 2023: Cento trinta e catro (134) prazas.

(...)

DEBE DICIR:

(...)

PRIMEIRO.- OE 2023: Setenta e cinco (75) prazas.

(...)

ONDE DI:

(...)

SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTA EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022: Dezanove (19) prazas.

(...)

B RÉXIME XURÍDICO LABORAL: Seis (6) prazas.

B.1 COTA XERAL: Seis (6) prazas

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN
(...)				
AP	166	PEÓN/A GRANXA	167	PEÓN/A GRANXA ENTRADA
AP	164	PEÓN/A GRANXA	166	PEÓN/A GRANXA ENTRADA

DEBE DICIR:

(...)

SEGUNDO REFUNDICIÓN PRAZAS OFERTA EMPREGO TAXA XERAL ACCESO LIBRE ANOS 2021 E 2022: Dezanove (19) prazas.

(...)

B RÉXIME XURÍDICO LABORAL: Seis (6) prazas.

B.1 COTA XERAL: Seis (6) prazas

GRUPO/ SUBGRUPO	Nº DE PRAZA	DENOMINACIÓN	Nº DE POSTO	DENOMINACIÓN
(...)				
AP	166	PEÓN/A GRANXA	167	PEÓN/A GRANXA ENTRADA
AP	164	PEÓN/A GRANXA	166	PEÓN/A GRANXA ENTRADA

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 16 de xaneiro de 2024.- O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0124

CONCELLOS
ANTAS DE ULLA
Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO CADRO DE PERSOAL 2024

Despois de quedar definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o Cadro de Persoal do Concello de Antas de Ulla para a anualidade de 2024, documento anexo ao orzamento para o exercicio económico de 2024, por acordo adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 30 de novembro de 2023, ao non presentarse reclamacións en prazo, faise público o mesmo:

CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA PARA A ANUALIDADE DE 2024**A) FUNCIONARIOS/AS DE CARRERA****ESCALA ADMINISTRACIÓN GENERAL**

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	SITUACIÓN	SUBESCALA	GRUPO	S.BASE	TRIENIOS	NIVEL C.D	C.D.	C.E	C.P.
FAX01	SECRETARIO/A INTERVENTOR/A	V	F.H.N SECRETARÍA-INTERVENCIÓN	A1 F.H.N.	1.288,31	0	26	811,08	910,30	0
FAX02	ADMINISTRATIVO	O	ADMINISTRATIVA	C1	836,41	30,61 (9)	18	458,64	648,83	512,50
FAX03	AUXILIAR	V/SE	AUXILIAR	C2	696,13	20,84 (5)	14	354,35	453,73	355,00
FAX04	AUXILIAR	O	AUXILIAR	C2	696,13	20,84 (4)	14	354,35	195,50	0
FAX05	AUXILIAR	V	AUXILIAR	C2	696,13	0	12	302,14	195,50	400,50
FAX06	SUBALTERNO/A	V	SUBALTERNA	A.P.	637,14	0	11	276,04	0	0

ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	SUBESCALA	CLASE	SITUACIÓN	GRUPO	S.B	VALOR TRIENIO	TRIENIOS	NIVEL C.D.	C.D.	C.E.	C.P.
FAE01	ARQUITECTO/A (50%)	TÉCNICA	SUPERIOR	V	A1	1.288,31	49,59 (0)	0	22	592,27	280,20	0
FAE02	TRABAJADOR/A SOCIAL	TÉCNICA	MEDIA	O	A2	1.113,98	40,44 (8)	323,52	18	458,64	280,20	99,50
FAE03	A.D.L.	TÉCNICA	MEDIA	O	A2	1.113,98	40,44 (5)	202,20	18	458,64	280,20	99,50

B) PERSONAL LABORAL**B.1.- PERSONAL LABORAL FIJO**

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	SITUACIÓN	GRUPO	S.B.	TRIENIOS	VALOR TRIENIO	Nº TRIENIOS
PL01	ENCARGADO/A BIBLIOTECA (Media xornada)	0	03	1.083 €	177,40	35,48 (50%)	10
PL02	AUXILIAR S.SOCIALES	T/E	04	1.355 €	104,20	20,84	5
PL03	AUXILIAR (INF. XUV.)	T7E	04	1.080 €	104,20	20,84	5
PL04	TRABALLADORA S.A.F	T/E	09	1.080 €	141,12	15,68	9
PL05	TRABALLADORA S.A.F	T/E	09	1.080 €	94,08	15,68	6
PL06	TRABALLADORA S.A.F	T/E	09	1.080 €	78,40	15,68	5
PL07	TRABALLADORA S.A.F	T/E	09	1.080 €	78,40	15,68	5

PL08	TRABALLADORA S.A.F	T/E	09	1.080 €	78,40	15,68	5
PL09	TRABALLADORA S.A.F	T/E	09	1.080 €	62,72	15,68	4
PL10	TRABALLADORA S.A.F	T/E	09	1.080 €	62,72	15,68	4
PL11	TRABALLADORA S.A.F	T/E	09	1.080 €	62,72	15,68	4
PL12	TRABALLADORA S.A.F	T/E	09	1.080 €	62,72	15,68	4
PL13	TRABALLADORA S.A.F	T/E	09	1.080 €	62,72	15,68	4
PL14	TRABALLADORA S.A.F	T/E	09	1.080 €	62,72	15,68	4
PL15	TRABALLADORA S.A.F	T/E	09	1.080 €	62,72	15,68	4
PL16	TRABALLADORA S.A.F	T/E	09	1.080 €	47,04	15,68	3
PL17	TRABALLADORA S.A.F	T/E	09	1.080 €	31,36	15,68	2
PL18	TRABALLADORA S.A.F	T/E	09	1.080 €	31,36	15,68	2
PL19	TRABALLADORA S.A.F	T/E	09	1.080 €	31,36	15,68	2
PL20	TRABALLADORA S.A.F	T/E	09	1.080 €	31,36	15,68	2
PL21	TRABALLADORA S.A.F	T/E	09	1.080 €	31,36	15,68	2
PL22	TRABALLADORA S.A.F	T/E	09	1.080 €	31,36	15,68	2
PL23	TRABALLADORA S.A.F	T/E	09	1.080 €	15,68	15,68	1
PL24	TRABALLADORA S.A.F	T/E	09	1.080 €	31,36	15,68	2
PL25	TRABALLADORA S.A.F	T/E	09	1.080 €	0	15,68	0
PL26	LIMPIADORA	T/E	09	1.080 €	125,44	15,68	8
PL27	LIMPIADORA	T/E	09	1.080 €	78,40	15,68	5
PL28	OPERARIO (LIXO)	T/E	09	1.258 €	125,44	15,68	8
PL29	OPERARIO VIXIANCIA	T/E	09	1.080 €	78,40	15,68	5
PL30	OPERARIO	V	09	1.080 €	0	15,68	0
PL31	OPERARIO	V	09	1.080 €	0	15,68	0

B-2.- PERSONAL LABORAL TEMPORAL

ADSCRIPCIÓN	DENOMINACIÓN	GRUPO	RETIBUCIÓN MENSUAL
SERV. VARIOS	OPERARIO/A (2 MESES)	10	1.080 €
SERV. VARIOS	OPERARIO/A (2 MESES)	10	1.080 €
SERV. VARIOS	OPERARIO/A (2 MESES)	10	1.080 €
SERV. VARIOS	OPERARIO/A (2 MESES)	10	1.080 €
SERV. VARIOS	OPERARIO/A (2 MESES)	10	1.080 €
SERV. VARIOS	OPERARIO/A (2 MESES)	10	1.080 €

B.3.- PERSONAL LABORAL TEMPORAL (SUBVENCIONADO)

SUBVENCIÓN	DENOMINACIÓN	GRUPO	SUELDO
ATENCIÓN TEMPERÁ	PEDAGOGO	01	1.651,41
ATENCIÓN TEMPERÁ	PSICOPEDAGOGO	01	1.651,41

ATENCIÓN TEMPERÁ	LOGOPEDA	02	1.470,38
SERVICIOS SOCIAIS	EDUCADORA	02	1.470,38
SERVICIOS SOCIAIS	TRABALLADORA SOCIAL	02	1.470,38
INCENDIOS	JEFE BRIGADA (3 MESES)	03	1.178,57
INCENDIOS	CONDUCTOR(3 MESES)	10	1.114,29
INCENDIOS	PEÓN (3 MESES)	10	1.080,00
INCENDIOS	PEÓN (3 MESES)	10	1.080,00
INCENDIOS	PEÓN (3 MESES)	10	1.080,00
SOCORRISTAS	SOCORRISTA (2 MESES)	08	1.170,04
SOCORRISTAS	SOCORRISTA (2 MESES)	08	1.170,04
APROL RURAL	PEÓN (9 MESES)	10	1.080,00
APROL RURAL	PEÓN (9 MESES)	10	1.080,00
APROL RURAL	PEÓN (9 MESES)	10	1.080,00
P.U.C. DIPUTACIÓN	OPERARIO/A MULTISERVICIOS	10	1.080,00
P.U.C. DIPUTACIÓN	OPERARIO/A MULTISERVICIOS	10	1.080,00
P.U.C. DIPUTACIÓN	OPERARIO/A MULTISERVICIOS	10	1.080,00
P.U.C. DIPUTACIÓN	OPERARIO/A MULTISERVICIOS	10	1.080,00
P.U.C. DIPUTACIÓN	OPERARIO/A MULTISERVICIOS	10	1.080,00
P.U.C. DIPUTACIÓN	OPERARIO/A MULTISERVICIOS	10	1.080,00
P.U.C. DIPUTACIÓN	OPERARIO/A MULTISERVICIOS	10	1.080,00
P.U.C. DIPUTACIÓN	OPERARIO/A MULTISERVICIOS	10	1.080,00
P.U.C. DIPUTACIÓN	OPERARIO/A MULTISERVICIOS	10	1.080,00

Dita aprobación poderá ser impugnada ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, cos requisitos, formalidades e causas sinaladas no artigo 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na forma e prazos que establecen as normas de devandita Xurisdición.

Antas de Ulla, doce de xaneiro de dous mil vinte e catro.- A Alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 0108

BÓVEDA

Anuncio

Vista a Resolución de Alcaldía núm: 2024-0010, do 08/01/2024, publicada no BOP de Lugo núm. 008, do 10/01/2024, na cal se acorda a aprobación da convocatoria e bases para a contratación temporal dunha praza de operario/a de servizos múltiples do Concello de Bóveda, a xornada completa (100%), cunha duración de 6 meses, ao abeiro do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos ano 2023, no que se contempla o Programa de Reforzo do Emprego.

Visto que por Resolución de Alcaldía núm.:2024-0019, do 15/01/2023, acordouse rectificar o erro aritmético existente no punto 9 das bases do proceso selectivo, concretamente no apartado de experiencia profesional, sendo a puntuación máxima de 1 punto en vez de 3 puntos, procédese a publicar na sede electrónica e no taboleiro do Concello o presente anuncio, xunto coas bases do proceso selectivo rectificadas e copia do Decreto de Alcaldía núm.:2024-0019, do 15/01/2023, aos efectos oportunos.

Bóveda, 15 de xaneiro do 2024.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Arias López.

R. 0109

BURELA

Anuncio

LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E/OU EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE TRES (3) PRAZAS DE AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.-

Por esta Alcaldía en data 15/01/2024 ditouse resolución nº 2024-0027 co seguinte tenor literal:

Visto que en data 21/12/2023 ditouse pola Alcaldía resolución nº 2023-1260 de aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao respecto do proceso selectivo convocado por resolución nº 2022-1108 de data 28/12/2022 para o ingreso como persoal laboral fixo de tres (3) prazas de “**AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO**”, polo sistema de concurso, quenda libre, incluída na oferta de emprego público do Concello de Burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, publicándose no BOP de Lugo nº 296 de 28/12/2023, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Rematado o prazo de 10 días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, e non constando a presentación de reclamación algunha, de conformidade co establecido na base 8ª das xerais e específicas que regularán as convocatorias dos procesos selectivos a desenvolver polos sistemas de concurso e de concurso-oposición correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022, por medio do presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

• **PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:**

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
Maria Elvira Cancio Paz	***0248***	NON EXENTA
Sonia Pardo Rodríguez	***3574***	EXENTA
Natalia Dorado Ortuño	***6113***	EXENTA

• **PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:**

NOME E APELIDOS	DNI	CAUSA DE EXCLUSIÓN	PROBA DE GALEGO
Halima Bouizri	***7244***	2	NON EXENTA
Maria Yolanda López Fernández	***5814***	1	EXENTA

Causas de exclusión:

1.- Non acreditar o requisito sinalado na bases 6ª.3 “(...) non exceder da idade máxima e xeral de xubilación forzosa”.

2.- Non acreditar posuír o título requirido para a praza convocada consonte ao indicado no ANEXO I.

SEGUNDO.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan:

PRESIDENTE/A.-

Títular: Dª. María Consuelo Cartoy Veiga. Traballadora Social do Concello de Burela.

Suplente: Dª Julia Vega Cartoy. Traballadora Social do Concello de Barreiros.

VOGAIS.-

Títular: Dª. Noelia Legaspi Rodríguez. Educadora Familiar do Concello de Burela.

Suplente: Dª. María Yolanda Otero Eijo. Técnica da Emprego do Concello de Burela.

Títular: Dª. María Rocio Valle Fraga. Avogada do Centro de Información á Muller do Concello de Burela

Suplente: Dª Alma María Varela Díaz. Recepcionista-telefonista do Concello de Burela.

Títular: Dª. Concepción Pernas Díaz. Psicóloga do Programa de Atención ao Inmigrante do Concello de Burela.

Suplente: Dª María Marcelina González Pernas. Auxiliar administrativo do Concello de Burela.

SECRETARIO/A.-

Títular: D. José Manuel Ferreira López. Director do Centro de Formación Ocupacional do Concello de Burela.

Suplente: D. Jaime Méndez García. Directo da Casa da Xuventude do Concello de Burela.

TERCEIRO.- Citar as persoas que forman parte do Tribunal para que comparezan o día 23 de xaneiro de 2024, martes, ás 9:00 horas na sala de comisións do Concello de Burela para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

CUARTO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal .

Contra a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Mándoo e asínoo en Burela, 15 de xaneiro de 2024.- A alcaldesa, Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, O secretario interino.

R. 0110

*Anuncio***LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E/OU EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE PSICÓLOGO/A DO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.-**

Por Decreto da Alcaldía nº 2024-0028 de data 16/01/2024 apróbase a listaxe provisional de persoas admitidas e/ou excluídas ao proceso selectivo para a provisión dunha (1) praza de psicólogo/a do Centro de Información á Muller, como persoal laboral fixo, polo sistema de concurso, acceso libre, incluída na oferta de emprego público do concello de burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal :

María del Carmen López Moreno, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Burela (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía nº 2022-1108 de data 28/12/2022 polo que se aproba a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Vistas as publicacións realizadas en cumprimento da citada Resolución no BOP de Lugo nº 299 de 31/12/2022, no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Burela.

Visto que no BOP de Lugo n.º 096 do 27/04/2023 publícase anuncio do Decreto de Alcaldía nº 2023-0305 de data 19/04/2023 de corrección de erros materiais advertidos nas bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Resultando que no BOE nº 223 de 18/09/20223 publícase anuncio comprensivo da convocatoria das prazas sometidas ao proceso selectivo de concurso e correspondentes ao ámbito da Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, establecendo un prazo de presentación de solicitudes de vinte días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha (1) praza de “PSICÓLOGO/A CIM”, persoal laboral, grupo A1, mediante el sistema de concurso, quenda libre.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditarlos, por medio do presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

- PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:**

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
Cristina Cayón Pardo	***9514***	EXENTA
Noemí Otero Prada	***5686***	EXENTA

Alba Varela Tato	***9062***	EXENTA
Erika Vázquez Sanjurjo	***0480***	EXENTA

• **PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:**

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO	CAUSA DE EXCLUSIÓN
Antonio Alvarez Fabeiro	***9822***	NON EXENTA	1
Antia Ben Fernández	***8705***	EXENTA	1
Iria Moure González	***3370***	EXENTA	1

Causas de exclusión:

1.- *Non acreditar estar en posesión de formación e experiencia relacionada coa igualdade de oportunidades por razón de xénero requirida nos artigos 10.1 e 10.3 do Decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades das entidades locais de Galicia,; e que deberá acreditarse consonte ao tamén sinalado ao efecto nestes mesmos artigos.*

SEGUNDO.- De conformidade co sinalado nas Bases da convocatoria, conceder un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo. Quen dentro do dito prazo non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído do proceso.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal .

Mándoo e asínoo en Burela, 15 de xaneiro de 2024.- A alcaldesa, Ante min, aos efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, O secretario interino.

R. 0134

CASTROVERDE

Anuncio

Que por resolución de alcaldía de data día 11 de xaneiro de 2023, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de decembro de 2023, e exponse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, 11 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0111

CHANTADA

Anuncio

APROBACION DEFINITIVA ORZAMENTO 2024

O pleno do Concello de Chantada, en sesión celebrada ó día 14/12/2023 acordou aprobar inicialmente o Orzamento Xeral, bases de execución, subvencións nominativas e plantilla de persoal para o exercicio económico 2024.

O expediente someteuse ao trámite de información pública trala publicación do anuncio no B.O.P. de Lugo nº 290 do 20 de decembro do 2.023.

Rematado o prazo de información pública constátase que non se presentou reclamación algunha, polo que enténdese definitivamente aprobado ao abeiro do disposto no artigo 169 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, en relación co 177 da mesma norma, publícase o resumo do mesmo por capítulos.

ESTADO DE INGRESOS		
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.619.739,45
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	90.000,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.346.901,04
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	3.789.366,23
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	9.900,00
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	569.107,33
8	ACTIVOS FINANCEIROS	
9	PASIVOS FINANCEIROS	
TOTAL DO ESTADO DE INGRESOS		8.425.014,05
ESTADO DE GASTOS		
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
1	GASTOS DE PERSOAL	3.147.753,09
2	GASTOS CORRENTES E SERVIZOS	3.983.267,35
3	GASTOS FINANCEIROS	16.208,18
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	371.980,00
5	FONDO DE CONTINXENCIA	
6	INVESTIMENTOS REAIS	849.805,43
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	22.000,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	
9	PASIVOS FINANCEIROS	34.000,00
TOTAL DO ESTADO DE GASTOS		8.425.014,05

Ao abeiro do disposto no artigo 103 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Rexime local publícase a masa salarial laboral aprobada por importe de 688.215,88 €.

O orzamento entrará en vigor con efectos 1 de xaneiro, unha vez publicado.

Chantada, 15 de decembro do 2023.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 0112

BARALLA

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno deste concello o orzamento para o exercicio económico de 2024, por acordo adoptado en sesión celebrada o día 14 de decembro de 2023, en cumprimento ó que dispón, o artigo 169.3 do texto refundido das facendas locais, faise público que dito orzamento ascende, en gastos á contía de 6.050.890,00 € e en ingresos á contía de 6.050.890,00 €.

Corresponde a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

CAPITULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	(A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	1.512.600,00
2	Gastos correntes en bens e servicios	1.022.340,00
3	Gastos financeiros	11.000,00
4	Transferencias correntes	84.580,00
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	2.630.520,00
	(B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Inversións reais	3.400.370,00
7	Transferencias de capital	20.000,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	3.420.370,00
	TOTAL GASTOS	6.050.890,00

ESTADO DE INGRESOS

CAPITULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	(A) OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Impostos directos	621.500,00
2	Impostos indirectos	30.000,00
3	Taxas e outros ingresos	296.500,00
4	Transferencias correntes	1.916.624,00
5	Ingresos patrimoniais	0,00
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	2.864.624,00
	(C) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Enaxenación de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	3.186.266,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financieros	0,00
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	3.186.266,00
	TOTAL INGRESOS	6.050.890,00

Na referida sesión, tamén se acordou aprobar o cadro de persoal e a relación de postos de traballo desta Corporación que, de acordo co que preceptúa o artigo 127 do Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducense a continuación:

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Secretaría - Intervención	1	A ₁	28
Administrativo	2	C ₁	22
Alguacil - Porteiro	1	E	12
Conserxe	1	E	12

B) FUNCIONARIOS DE CARREIRA VACANTES EN PROCESO DE ESTABILIZACIÓN

Auxiliar administrativo (programa axuda a domicilio)	1	C2
Auxiliar administrativo (oficina información xuvenil e biblioteca. Xornada parcial 75%)	1	C2

C) PERSOAL LABORAL FIXO

Operario de servizos múltiples	1	Definitiva
Traballadora social	1	Definitiva
Axente de Emprego local	1	Vacante en proceso de estabilización
Peón limpeza viaria	1	Vacante en proceso de estabilización
Auxiliares de Axuda a Domicilio (xornada completa)	11	Vacante en proceso de estabilización
Auxiliares de Axuda a Domicilio (xornada completa)	8	Vacantes
Técnico/a Punto de Atención Infantil	1	Vacante
Persoal de Apoio Punto de Atención Infantil	1	Vacante

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Axente de emprego local	1
Auxiliares de axuda a domicilio-12 meses xornada completa	21
Peón limpeza viaria	1
Auxiliar administrativo (programa axuda domicilio)	1
Auxiliar administrativo (oficina información xuvenil e biblioteca-xornada parcial 75%)	1
Técnico/a punto de atención infantil	1
Persoal de apoio punto de atención infantil	1
Peóns fomento de emprego - 6 meses- xornada parcial	5
Brigadas incendios (3 meses xornada completa)	10
Obradoiro de emprego	26

O cadro de persoal laboral temporal poderá ampliarse coas subvencións que esta Entidade Local poida recibir para tal fin, procedentes da Comunidade Autónoma ou de outros organismos públicos.

Baralla, 15 de xaneiro de 2023 .- O ALCALDE, Miguel González Piñeiro.

R. 0113

FRIOL
Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día quince de xaneiro do corrente, prestouse aprobación inicial ao seguinte padróns correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2023:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga e I.V.E sobre o seu consumo (incluído o canon da auga).
- Padrón da taxa pola recollida do lixo.
- Padrón da taxa polo tratamento e eliminación de residuos.

Na mesma sesión tamén se aprobou o padrón da rede de sumidoiros correspondente ao exercicio 2023.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente, ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas e canon, indicados previamente, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no vixente Regulamento Xeral de Recadación e, no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, o comprendido entre o quince de febreiro e o quince de abril de dous mil vinte e catro, ambos inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, o día un de marzo do actual, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás Oficinas Municipais, onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar dito pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, cando polos contribuíntes afectados non se fixera efectivo o canon da auga no período voluntario sinalado, esixírase directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Friol, 15 de xaneiro de 2024.- O ALCALDE, José Ángel Santo Sánchez.

R. 0114

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía os Padróns fiscais do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de outubro, novembro e decembro de 2023 e servizo público de axuda no fogar (SAF) correspondentes aos meses de setembro e outubro de 2023, que comprende os seguintes recibos:

1.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de Centro de Día correspondente aos meses de outubro, novembro e decembro de 2023, integrado por 20 recibos por importe total de 20.760,60€ (outubro 2023: 6.550,36 €; novembro 2023: 7.117,10 € e decembro 2023: 7.093,14 €)

2.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de axuda no fogar (SAF) na modalidade de libre concorrencia e dependencia correspondentes aos meses de setembro e outubro de 2023, polos seguintes importes:

- Modalidade libre concorrencia: 4.033,92 €

- Modalidade dependencia: 11.811,94 €

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas dos padróns do servizo público de Centro de Día correspondente ao meses de outubro, novembro e decembro de 2023 terá lugar dende o día 9/01/2024 ao 9/03/2024 (ambos incluídos).

A cobranza en período voluntario das taxas dos padróns do servizo público de axuda no fogar (SAF) correspondentes aos meses de setembro e outubro de 2023, terá lugar no prazo de dous meses dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o mesmo procederá a esixir as débedas cos xuros de mora e os recargos de acordo coa artigos 26 e 28 da Lei 58/2003 Xeral tributaria.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 12 de xaneiro de 2024.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0115

LOURENZÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA XIMNASIO

DECEMBRO DE 2023

EXPOSICIÓN O PÚBLICO

Por Resolución de Alcaldía de data **8 DE XANEIRO DE 2024**, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de XIMNASIO correspondente ao mes de **DECEMBRO DE 2023** por importe de **816,09 EUROS (OITOCENTOS DAZASÉIS CON NOVE EUROS)**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 253.1 da citada lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes serán debidos nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederá a esixir os xuros de mora e os recargos de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 8 DE XANEIRO DE 2024.- A Alcaldesa – Presidente, Rocío López García.

R. 0116

O PÁRAMO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de **data 2/01/2024**, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **DECEMBRO** de 2023, polo importe total de **3.871,98€**

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 2 de Xaneiro de 2024.- O Alcalde- Presidente, Jose Luis López López.

R. 0117

RÁBADE

Anuncio

Por resolución da Alcaldesa do Concello de Rábade de data **8 de xaneiro de 2024** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de decembro de 2023**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, decembro 8 de xaneiro de 2023.- A Alcaldesa, María Remedios González Cabarcos.

R. 0118
